

NO HOME MOVIE

Chantal Akerman, 2015

1093

ESTREA EN NUMAX: 11.04.2023 | V.O.S.E. | 115 min

No Home Movie ten a proximidade dun filme doméstico e as súas maneiras para rexistrar os últimos días da nai da directora, supervivente polaca de Auschwitz. Un vínculo roto que supón a perda definitiva do fogar para Akerman, nómade por vocación e, a partir de agora, sen remedio.

O filme estrutúrase a partir de entrevistas a Natalia Akerman, unha muller xa moi maior e supervivente da II Guerra Mundial e o nazismo, realizadas pola súa filla antes de que a súa nai morrera no ano 2013.

«Un belo filme sobre as conexións entre o privado e o público, entre o amor e o sufrimento dunha familia»

Diego Lerer, MICROPSIACINE.COM



Unha familia en Bruxelas

Por Chantal Akerman

E vexo tamén un piso grande case baleiro en Bruxelas. Só cunha muller que adoita ir en bata. Unha muller que acaba de perder o seu marido.

É curioso non vexo esa muller fóra da casa e porén de vez en cando sae, camiña pola rúa, espera o tranvía.

Véxoa sobre todo ao teléfono e diante do televisor deitada nun diván ás veces cun xornal diante. Cando fala por teléfono, fala moi alto e cunha xovialidade que a miúdo soa falsa e algunhas veces verdadeira.

Esta tarde noite de venres non estará na súa casa. Non, pasará unha velada en familia. Gústalle moito iso. Vístese maquíllase alguén vai buscala e logo lévaa de volta é unha persoa querida ou iso parece entre os membros da súa familia. Da familia achegada. Pero a familia máis achegada que ten está lonxe, moi lonxe. E ela mantén o contacto unicamente por teléfono. Non é o mesmo claro que cando alguén vai buscala no coche e lle dá un bico e ela ve que unha muller a súa prima lle sorrí e lle di que tal como estás e tamén nenos os nenos da súa prima e un home o marido da súa prima que lle fala con amabilidade e sentido do humor. Ten tanto sentido do humor ese home que ás veces ela non entende se é sentido do humor ou non pero como ela sabe que é un home con sentido do humor tómao con humor e ri con todas as súas forzas e abraza a todo o mundo e bica a todo o mundo e iso alívalle os ósos. Algunhas veces incluso alguén lembra algunha anécdota do seu marido a miúdo algunha anécdota divertida. O seu marido era un home divertido á súa maneira. Si non sempre pero ás veces si. Cando alguén fala del dan ganas de sorrir e ata de rir porque á súa maneira era un home divertido. Tiña a cara redonda e bigote. Non era iso o que o facía divertido senón como falaba cando se atopaba ben, falaba e como quen non quere a cousa resultaba divertido. Todo o mundo está de acordo neste punto.

Agora xa está a muller tomou unha decisión vai operarse por segunda vez, esperará a que a súa filla que vive no barrio ese de Ménilmontant volva das súas viaxes. A súa filla a de Ménilmontant sae moito de viaxe. Hoxe mesmo preguntoulle se cando volva das súas viaxes poderá facer un viaxiña máis ata a súa casa para estar con ela cando a operen como o ano pasado. A súa filla aceptou porque é a clase de cousas que a súa filla acepta. Ela sabe que pode contar coa súa filla o que pasa é que vive lonxe e contar con alguén que vive lonxe non é o mesmo que contar con alguén que vive preto. A súa outra filla vive lonxe tamén e con ela pode contar tamén pero refréase. Se non se refréase esixiría máis sobre todo por teléfono. As súas dúas fillas aceptarían pero ela refréase. Elas teñen a súa vida. Cada un ten a súa vida. Sobre todo cando se está lonxe. Tamén cando se está preto pero cando se está preto nótase por teléfono e pode dicir ata pronto e ás veces vémonos pronto. Unha di tamén ata pronto por teléfono aos que están lonxe pero sabendo que non os verá pronto e ás veces unha non chama nunca ou case nunca aos que están lonxe aínda que sexan da familia achegada. Ela por exemplo non chama nunca a unha das súas primas que vive lonxe tamén e xunto ao mar coa súa filla. Bastante ten xa con chamar as súas dúas fillas que están lonxe e tamén ás veces a súa irmá que está lonxe pero soamente cando se trata de algo importante e non hai máis remedio.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Una familia en Bruselas,
Chantal Akerman.
Tránsito, 2021

Nada Ocurre.
Hiperrealismo cotidiano
en Chantal Akerman,
Ivone Margulies.
8mm, 2018

Ma mère ri,
Chantal Akerman.
Mercure de France, 2013